

## XORNADA DE TRABALLO

### “Oportunidades de colaboración UDC – Empresa en H2020 e outros programas internacionais de I+D”

A Coruña, 5 de novembro de 2018

Salón de Actos do Edificio de Servizos Centrais de Investigación (ESCI), Campus de Elviña, A Coruña

A Universidade da Coruña contempla como obxectivo no seu Plan Estratégico UDC 2020 o incremento da colaboración coas empresas do entorno e o fomento da transferencia de coñecemento.

O FP H2020 é unha das maiores fontes de financiamento competitivo existentes a nivel internacional. Asemade, este Programa e o resto de convocatorias internacionais supoñen un marco ideal para a colaboración entre universidades e o sector privado, ao obxecto de acadar a excelencia, innovar, gañar en competitividade, internacionalizar e obter financiamento para os seus proxectos.

Coa presente xornada de traballo pretendemos detectar oportunidades e crear un espazo para o encontro do que podan agromar consorcios, propostas e proxectos colaborativos na área xeográfica de influencia da UDC, achegando coñecemento e contribuíndo ao desenvolvemento económico da sociedade.

#### **PROGRAMA**

#### **Sesión 1: Exposición de oportunidades de colaboración UDC - Empresa**

**09.45h – 10:00h.** Rexistro de participantes.

**10:00h – 10:15h.** Presentación da xornada.

D. Salvador Naya, Vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia da UDC.

D. José Mahía, Director Científico-Técnico da OTRI UDC.

**10:15h – 10:30h.** Unha colaboración necesaria: O apoio da OTRI.

Relator: D. Xosé Manuel García, Técnico da OTRI UDC.

**10:30 - 11:45h.** Bloque I – Oportunidades de colaboración Universidade-Empresa:

Relatora: Dna. Paula Certuche, Consultora Senior, Unidade de Financiamento de SILO.

Coa colaboración de



- Accións colaborativas Marie Sklodowska-Curie (MSCA) do Programa H2020
- Instrumento PEME do Programa H2020

**11:45h - 12.00h.** Pausa para café

**12:00 - 13:15h. Bloque II** – Oportunidades de colaboración Universidade – Empresa:

Relator: D. Octavio Pernas Sueiras, Xerente Unidade de Financiamento de SILO

- Proxectos colaborativos dos Paires 2 e 3 do Programa H2020
- Proxectos do tipo Fast Track to Innovation do Programa H2020
- Outros programas de interese: ERANET, Eurostars.

**13:15-14:00h.** Perspectivas e actores para os novos programas de financiamento europeos.

Relator: D. Octavio Pernas, Xerente Unidade de Financiamento de SILO.

**14:00-14:30h.** Preguntas

**14:30h.** Peche da sesión. Ofreceráanse uns petiscos no hall do Edificio para os asistentes (prégase confirmación).

## **Sesión 2: Reunións individuais con asistentes para a avaliación de ideas e oportunidades**

**15:30h.** Comezo da Sesión 2, en diferentes salas da ESCI.

Solicítase *inscrición na seguinte ligazón* <http://silocompany.com/oportunidades-de-colaboracion-universidad-empresa-en-proyectos-internacionales/>, antes das 14:00 horas do día 2 de novembro de 2018.

*Pregamos que no mesmo indiquen expresamente se solicitan unha reunión individualizada cos consultores, e se van asistir aos petiscos que se servirán en horario de 14:30 a 15:30.*

Coa colaboración de:

